

**Asunto: Renovación de recetas de tratamientos crónicos polos Farmacéuticos de Atención Primaria (FAPs) e colaboración na xestión da demanda relacionada cos medicamentos.**

**Orixe: Dirección de asistencia sanitaria**

**Ámbito: Atención primaria do Servizo Galego de Saúde**

A excepcionalidade contemplada no RD 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19 xunto coa necesidade de manter unha continuidade na prestación farmacéutica require da posta en marcha de medidas extraordinarias que o possibiliten.

Neste sentido cando por razóns de urxente necesidade dun tratamento e sempre que non sexa posible que o médico poida facelo, se habilita ao farmacéutico de atención primaria (FAP) dos centros do SERGAS para que realice a renovación de recetas de medicamentos nos casos de prescricións activas na que se esgotaron as recetas xeradas anteriormente, de xeito que se manteña a continuidade da prestación farmacéutica.

Para o que se establece o seguinte

### PROCEDIMENTO

- 1º.- O FAP debe comprobar na historia clínica a necesidade de xeración desa receita, así como daquelas que de forma inminente poidan ser necesarias.
- 2º.-Tras cada xeración de recetas o FAP deixará constancia diso na historia clínica a través de nota SOIP.
- 3º.-Só xerará recetas de prescricións activas e por un período non superior a dous meses.
- 4º.-En todas estas situacións o FAP valorará a necesidade de derivar ao paciente ao médico.
- 5º.- A xestión desta actividade organizarase do seguinte xeito en liñas xerais aínda que se farán os cambios e axustes organizativos que a dirección de área considere necesarios en cada momento
  - Paciente que acode sen cita ao centro de saúde:  
O PSX deriva ao FAP dándolle unha consulta telefónica para o mesmo día. Só en casos excepcionais faríase presencial
  - Paciente que chama por teléfono ao centro de saúde:  
O PSX deriva ao FAP dando unha consulta telefónica para o mesmo día. O FAP chamará ao paciente en canto sexa posible.
  - Paciente que acode á oficina de farmacia e atópase que non ten receitas dispensables da súa medicación crónica.



O farmacéutico de oficina de farmacia derivará ao paciente ao FAP. En función da urxencia, o farmacéutico de oficina de farmacia poderá:

- Solicitar unha consulta telefónica en nome do paciente, para que o farmacéutico chame ao propio paciente ou á oficina de farmacia (segundo as necesidades ou perfil do paciente).
- Poñerse en contacto directamente a través do teléfono co farmacéutico de AP para trasladarlle a necesidade do paciente.

Para isto deberá habilitarse unha liña propia (móbil) ou unha liña directa (IP) para os FAPs que non dispoñan dela.

6º.-O FAP ademais promoverá as accións necesarias en colaboración cos médicos de AP para xestionar os posibles desabastecementos de medicamentos, así como elaborar protocolos de substitución no caso de que estes desabastecementos xeneralícense.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2020



Jorge Aboal Viñas  
Director Xeral de Asistencia Sanitaria

